

Expediente núm.: 377/2018

Asunto: Adxudicación contrato servicios redacción Plan de Mobilidade

Procedemento: Contrato de Servizos por Procedemento Aberto Simplificado

DOCUMENTO DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Dunha parte, Agustín Reguera Ocampo Alcalde-Presidente do Concello de Soutomaior con NIF núm. 36057006-K, asistido da Secretaria da Corporación Marga Mariño Pérez con NIF 36018151-J, que dá fe do acto.

Doutra parte, Eugenia Calvo López, con DNI 33.324.238-K en representación da empresa SERYE INGENIEROS S.L. (número de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da CA de Galicia 5204), con NIF. núm. B70543012, con domicilio a efectos de notificacións en Carretera Cambre-el temple nº 3 2ºd C.P. 15660 A Coruña, correo electrónico serye@seryeing.com

A finalidade do presente acto é a de proceder á formalización do seguinte contrato:

Contratación Servizos Redacción Plan de Mobilidade			
Procedemento: Aberto Simplificado		Tramitación: Ordinaria	Tipo de contrato: Servizos
Clasificación CPV: 71311200-3	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación: 16.524,40	Impostos: 3.470,12		Total: 19.994,52
Prezo ofertado pola empresa proposta (Serye): 13.900 €	Impostos: 2.919 €		Total: 16.819 €
Data de inicio execución: 02/11/2018	Data fin execución: 30/04/2019	Duración execución: 6 meses	Duración máxima: 6 meses
Garantía provisional: Non	Garantía definitiva: Sí (5% importe adxudicación)		Garantía complementaria: Non

Dita adxudicación foi aprobada por Resolución de Alcaldía de data 26 de outubro de 2018, segundo despréndese dos seguintes

ANTECEDENTES

Documento	Data/Núm	Observacións
Acordo XGL da Deputación de Pontevedra de concesión subvención Plan Mobilidade Sustentable	20-04-18 (RE n.º 934/18)	Importe máximo 15.000 €
Resolución Alcaldía Inicio expediente	01-08-18	
Pregos de Cláusulas administrativas e técnicas	01-08-18	
Resolución Alcaldía nº 341/18	01-08-18	Aprobación expte., pregos, publicación e designación membros Mesa contratación.
Resolución adxudicación do contrato	26/10/18	Adxudicatario: Serye Ingenieros, SL

E convindo a ambas as partes, en calidade de adjudicador e adxudicatario, o presente contrato de servizos, formalízano neste documento administrativo, con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. SERYE INGENIEROS S.L. comprométese á realización das seguintes prestacións: redacción do Plan de Mobilidade Sustentable para concretar os obxectivos, estratexias e criterios para a política de mobilidade do Concello de Soutomaior, con arranxo prego de cláusulas administrativas particulares e ao prego de prescricións técnicas, que figuran no expediente, documentos contractuais que acepta incondicionalmente e sen reserva algunha e do que deixa constancia asinando neste acto a súa conformidade nel. Así como as melloras ofertadas pola adxudicataria.

SEGUNDA. O prezo do contrato, IVE incluído, é o de 16.819 € (13.900 e 2.919 de IVE).

TERCEIRA. O prazo de execución do contrato é de 5 meses contados desde o día seguinte ao da firma do presente contrato (segundo o prazo ofertado pola adxudicataria).

CUARTA. Eugenia Calvo López, con DNI 33.324.238-K, en representación da empresa SERYE INGENIEROS S.L. presta a súa conformidade ao Prego de Condicións que é documento contractual, asinándoo neste acto e sométese, para cando non se atope nel establecido aos preceptos da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ao Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, e ao Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

O presente contrato esténdese en dous exemplares e a un único efecto, no lugar e data ao principio mencionados.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE